Trasalba 18 do outono 1958

Sr. Dr. Ricardo Carballo Calero

Lugo

Meu querido e lembrado amigo: Apertas e saúdos nosos pra a dona e nenas e de Fita pra Vde. Quixera consultálo sobre da persóa que debemos propoñer os amigos na Academia no canto do chorado Cuevillas cuio valeiro en Ourense é cada día pra min máis doroso. Coido seguro, o trunfo de Parga na primeira eleición que vai. A pesares das manobras de algús numerarios da Cruña e Vigo. Pra a vacante de Cuevillas - será anunciada coido que o 26 - parecenme boas duas solucións: Cunqueiro ou del Riego. Parés que ningún dos dous téen moitas ambicións académicas. Pro del Riego desempeña unha labouro xornaleira e sicar e de Cunqueiro a xente pásmase ó sabere que non está en Galega. E as veces, poucas, e xente ten razon.

Pídolle seu consello. Pois logo han comenzare as cartas e traballos. Ucal Trusca non téu labouro galega agás do libro sobre Pastor Díaz. E han traballar moito por il.

Eú en canto veza a del Riego na Academia desentendome de istas traballos.

AC
112 1157-5

Saíu ben a lembranza do casamento de Rosalía o día 10 en Madride. Foi importante o ensaio de Dámaso Alonso na velada do Centro Galego. Inda tendo nós na Galiza gracias a Vdo. Sobell, Piñeiro, mais fondos e finos análises rosalianos, pesa moito o nome de Dámaso Alonso. Os xornaes – os galegos, non sei os de Madride – non dixeron apenas cousa. Como sempre os paisanos nosos "importantes" non apareceron, nin un siquer. Fraga Iribarne estivo presumido e rematou co aquilo de que "si volvera Rosalía morraría menos gracias a un gallego ilustre", e Varelita fixo un traballo de oposición a cátedras, cheo de distingos, negando toda verdade a simbólica étnica e poética de obra pra il solitaria da Rosalía das "Follas Novas" pois pra il a outra non conta. E de Murguía soio falei eu. Conto en serio a Varelita e agardo por il.

O millor chámanme nistes días pra un tribunal de oposiciós a Madrid. Estóume temendo pois eiquí atópome moi a gosto. Bo clima pra pantasmas iste.

Apertas do vello amigo e admirador

R. Otero Pedrayo